

ANEXO PROGRAMACIÓN DE NIVEL DE 5º DE PRIMARIA: PROMOCIÓN E AVALIACIÓN

A publicación da Orde do 25 de xaneiro do 2022, actualiza a normativa sobre a avaliación, polo que se fai necesaria unha modificación nalgúns apartados da programación didáctica de quinto de primaria. Serán os que se sinalamos a continuación.

Por tanto, terase en conta como marco legal para a vixente programación a **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bachelato no sistema educativo de Galicia.

1º- O calendario de implantación da LOMLOE, recollido na disposición final quinta, contempla no punto 2 que ao comezo do curso 2022/2023 entrarán en vigor as modificacións introducidas na avaliación e condicións de promoción das diferentes etapas educativas.

2º - O artigo 5 da orde **do 25 de xaneiro de 2022**, sinala que:

1. A avaliación do alumnado levarase a cabo tomando como referencia para o grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe, do Decreto 105, que temos recollidos e concretados na presente programación.

2. Os referentes de avaliación do alumnado con AC serán os da adaptación, sen que isto impida promocionar.

3. Será continua global e terá en conta o progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

4. Cando o progreso non sexa adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Poranse en marcha en calquera momento do curso.

5. A avaliación das competencias clave estará integrada na avaliación da aprendizaxe dende unha fórmula integradora.

6. Na valoración do desenvolvemento das competencias terase en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, formando o perfil desa competencia.

3º A promoción, regulada no artigo 6, establece que:

1. Ao finalizar 2º, 4º e 6º, o equipo docente na sesión de avaliación final, decidirá a promoción. Será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especial consideración a información e o criterio do titor. No resto dos cursos a promoción será automática, como é neste caso quinto de primaria.
2. O alumnado que promociione con algunha área con calificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes sen alcanzar.
3. O que non alcance a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia é unha medida de carácter excepcional, tomarase tras aplicar medidas ordinarias suficientes. Neste caso o equipo docente organizará un Plan Específico de Reforzo (PER). Esta decisión solamente se poderá adoptar unha vez na etapa, oídas as familias.
4. O seguimento do PER farase segundo o artigo 50 da Orde do 8 de setembro de atención á diversidade.
5. Ao finalizar os cursos de 2º e de 4º o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias, indicando no seu caso as medidas de reforzo que se deben contemplar no seguinte ciclo.
6. Para garantir a continuidade do proceso de formación ao finalizar a etapa, o alumnado dispoñerá dun informe elaborado pola súa titora sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias. No caso do alumnado con NEE reflectiranse as adaptacións e medidas adoptadas.